



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

**Xuño 2021**


Santiago de Compostela, 6 de agosto de 2021

**Instituto Galego de Estatística**  
Complejo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Índice de producción industrial (IPI). Xuño 2021

- O Índice de producción industrial (IPI) de Galicia, rexistrou en xuño de 2021 un ascenso do 12,5% con respecto a xuño de 2020, mentres que a nivel nacional rexistrouse unha subida do 11,2%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo e os bens intermedios creceron un 36,1% e 9,6% respectivamente, mentres que os bens de equipo decreceron un 11,1%. Pola súa parte a enerxía avanzou un 23,4%.
- Por ramas de actividade as achegas positivas mais destacables corresponden a “confección de roupa de vestir” que suma 3,6 puntos, a “industria da alimentación”, que engade 3,5 puntos e a “producción de enerxía eléctrica”, que agrega 2,1 puntos á taxa interanual.
- No que respecta ás repercusións negativas destacan as seguintes ramas: a “fabricación de vehículos de motor” que resta 4,4 puntos, a “reparación e instalación de maquinaria”, que minora 0,5 puntos e a “industria química”, que minora 0,4 puntos á taxa interanual.

### Índice de producción industrial (IPI). Xuño 2021



## 1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de xuño de 2021 rexistrou en Galicia un ascenso do 12,5% en taxa interanual, empeorando en 22,7 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (35,2%). En España, rexistrouse un aumento do 11,2%, taxa 16,7 puntos inferior á acadada no mes anterior (27,9%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un crecemento do 36,1%, o que engade 9,0 puntos.
- Os **bens de equipo** retroceden un 11,1%, o que minora 3,1 puntos.
- Os **bens intermedios** suben un 9,6%, cunha repercusión positiva de 3,0 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que aumenta un 23,4% sumando 3,7 puntos á taxa de variación interanual do conxunto.

Comparando cos crecementos interanuais de maio de 2021, por destino económico, os bens de consumo empeoran 34,3 puntos, os bens de equipo 57,9 puntos, os bens intermedios 17,5 puntos e a enerxía mellora 20,0 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

## 2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.

As ramas que presentan maiores achegas positivas á taxa interanual foron: a “confección de roupa de vestir” que suma 3,6 puntos, a “industria da alimentación”, que engade 3,5 puntos e a “produción de enerxía eléctrica”, que agrega 2,1 puntos á taxa interanual.


No que respecta ás repercusións negativas destacan as seguintes ramas: a “fabricación de vehículos de motor” que resta 4,4 puntos, a “reparación e instalación de maquinaria”, que minora 0,5 puntos e a “industria química”, que minora 0,4 puntos á taxa interanual.

### 3. Índices por comunidades autónomas

Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes de xuño moveuse entre o -2,2% de Murcia e o 35,5% de Extremadura.


Ademais da devandita, presentan taxas interanuais superiores á media estatal: Asturias (23,2%), La Rioja (21,0%), Navarra (18,5%), Baleares (17,9%), Cataluña (12,8%), Galicia (12,5%), Andalucía (12,3%) e Cantabria (12,0%).

#### IPI Xuño 2021 Taxas de variación en %



### 4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa JDemetra+.



### Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

## Anexo cadros

**Cadro 1.- Índice de producción industrial. Xuño 2021**

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		REPERCUSIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>					
Xeral	101,3	12,5	17,8	--	--
Bens de consumo	133,0	36,1	29,3	9,0	7,0
Bens de equipo	87,8	-11,1	20,3	-3,1	4,8
Bens intermedios	123,1	9,6	14,2	3,0	4,1
Enerxía	66,2	23,4	8,2	3,7	2,0
<b>España</b>					
Xeral	106,5	11,2	13,0	--	--
Bens de consumo	106,8	11,9	9,1	3,1	2,4
Bens de equipo	109,4	6,0	18,3	1,4	3,9
Bens intermedios	117,0	19,5	17,9	6,0	5,6
Enerxía	88,6	3,4	5,3	0,7	1,1

Fonte: INE

**Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Xuño 2021**

Ramas	VARIACIÓNS (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
<b>Total</b>	<b>12,5</b>		<b>17,8</b>		
Confección de roupa de vestir	128,0	3,6	82,3	2,7	4,1
Industria da alimentación	22,0	3,5	11,0	1,8	13,2
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	17,3	2,1	9,4	1,8	22,3
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cesteraría e espartaría	26,6	1,1	39,0	1,5	3,6
Outras industrias extractivas	60,2	1,0	43,8	0,5	1,1
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	36,4	1,0	37,3	0,9	2,6
Fabricación de bebidas	23,7	1,0	43,8	1,3	3,5
Fabricación de mobles	70,7	0,8	74,9	0,8	1,1
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	34,5	0,8	11,4	0,3	2,0
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixaxes	15,0	0,8	8,8	0,5	5,1
Outras industrias manufactureiras	103,5	0,5	73,7	0,4	0,5
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	5,0	0,4	7,1	0,6	7,7
Industria do papel	10,3	0,3	-1,1	0,0	2,2
Industria téxtil	-15,7	-0,1	25,3	0,1	0,6
Fabricación doutro material de transporte	-15,1	-0,2	-0,9	0,0	2,0
Fabricación de material e equipamento eléctrico	-12,1	-0,3	1,1	0,0	1,4
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	-10,0	-0,3	31,8	0,8	2,5
Industria química	-21,5	-0,4	-11,3	-0,2	1,5
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	-14,4	-0,5	-8,2	-0,3	4,1
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	-26,9	-4,4	32,5	3,8	13,1
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*

Fonte: INE

(\*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

**Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Xuño 2021**

CCAA	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>España</b>	<b>106,5</b>	<b>11,2</b>	<b>13,0</b>
Galicia	101,3	12,5	17,8
Andalucía	101,6	12,3	8,2
Aragón	109,5	9,4	13,8
Asturias	104,7	23,2	16,7
Baleares (Illes)	79,9	17,9	5,1
Canarias	84,6	8,2	0,9
Cantabria	117,3	12,0	19,7
Castilla - La Mancha	95,6	7,1	7,7
Castilla y León	99,0	10,7	16,2
Cataluña	106,8	12,8	14,9
Comunitat Valenciana	113,1	11,0	15,2
Extremadura	108,7	35,5	16,2
Madrid	108,3	7,2	9,6
Murcia	120,9	-2,2	3,9
Navarra	126,6	18,5	17,8
País Vasco	106,8	10,0	14,3
Rioja (La)	86,0	21,0	10,6

Fonte: INE